

**LISTAXE DE LIBROS PARA O 3º TRIMESTRE**

- *Irene, a porteira*, Xulia Pisón e Óscar Losada. Universidade da Coruña, servizo de publicacións, 60 páx. Sinopse: O de Irene González é un caso único no mundo. Na década dos 20 do século pasado foi a primeira rapaza que rompeu barreiras no fútbol, ao se converter na porteira e capitá do equipo masculino coruñés ao que deu nome: O Irene F.C. É a historia dunha nena que levou a súa paixón máis ala dos límites establecidos para as mulleres da época e fixo realidade o seu soño.
- *Idol*, Alba Chan. Xerais, 72 páx. Sinopse: Vega e Ámbar son dúas adolescentes de 16 anos que deciden concursar en «Idol!», un «talent show» onde probarán sorte para tentar convertérense en estrelas da música. Pero non vai ser nada doado.
- *Trece anos de Branca*, Agustín Fernández Paz. Edebé, 128 páx. Sinopse: Branca está enferma de hepatite. Desde hai 9 días está na cama e ten que gardar repouso durante 5 ou 6 semanas. Encima ten que pasar o seu aniversario así, e é un aniversario importante: 13 anos. Ese día regálanlle un álbum e súa nai proponlle que o complete para non se aburrir. E así, pouco a pouco, Branca vai lembrando distintos episodios da súa vida.
- *Street poems*, Fran Alonso. Xerais, 112 páx. Sinopse: Este é un libro de poemas inconformistas, críticos, gamberros e combativos; disparos de graffiti que poderían ser escritos nos muros e rapeados con pintura nas paredes, seguindo a estela da arte na rúa, un libro que procura espazos de confluencia entre as artes plásticas e a poesía.
- *Trece avisos*, Paula Carballeira. Xerais, 144 páx. Sinopse: O medo avisa cando chega. Un sopro de aire frío. Un arrepío polas costas. Un corazón que latexa. Algo que non vemos, pero sabemos que está. Algo que sentimos, ou que presentimos. Estes contos son para ler de noite, se te atreves.
- *A filla do ladrón de bicicletas*, Teresa González. Xerais, 176 páx. Sinopse: Serafina, filla dun ladrón de bicicletas, vive coa súa tía nunha vila mariñeira. A súa máxima aspiración é ser equilibrista nun circo e cara a iso van enfocados todos os seus esforzos, aos que non serán alleos nin o vello Elías nin a panda de Martiño o Bravo.
- *Memoria do silencio*, Eva Mejuto. Xerais, 152 páx. Sinopse: Ribadavia, verán de 1943. Günter busca ascender na Gestapo destapando unha trama que axuda os xudeus a chegar a Portugal. Lola é unha muller brava e xenerosa que arrisca a vida por axudar a quen o necesita. Frieda foxe da Holanda nazi, arelando empezar unha nova vida en América. Tempos difíciles onde o medo e o silencio tecen unha rede de segredos e intrigas cun fin último: a liberdade. Novela a tres voces que explora, entre ficción e realidade, un capítulo pouco coñecido do noso pasado: Galiza durante a II Guerra Mundial.